

Centos de gaiteros tocan a Alborada de Rosalía en toda Galicia

Etiquetas: Rosalía de Castro, música, gaitas, efeméride, Museo de Lugo

24/02/2013 - El Progreso (Lugo)

Centos de gaiteros súmanse hoxe en toda Galicia e mesmo fóra á multitudinaria Alborada de Rosalía, que celebra o aniversario do nacemento da poeta, que veu o mundo o 24 de febreiro de 1837. A fundación Rosalía, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo, coa colaboración da Asociación de Gaiteros en Lingua Galega, organizaron estes actos no ano no que se cumpren 150 da publicación de 'Cantares gallegos', o poemario «auroral» do Rexurdimento galego.

As cidades e as vilas do país asistirán á interpretación da Alborada de Rosalía, cuxa partitura estivo á disposición dos gaiteros na web www.gaiteros.org, e mesmo hai actos concertados fóra de Galicia. Ben preto, en Villafranca del

Os actos institucionais

Bierzo, pero tamén máis lonxe: en Madrid ou na cidade irlandesa de Cork. Serán en total 57 alboradas, que soarán na muralla romana de Lugo, no Panteón dos Galegos Ilustres, no Pico Sacro, no Pazo de Lestrove ou na Casa Rosalía da Matanza, en Padrón.

O Museo de Lugo acolleu onte tamén un acto de homenaxe a Rosalía polo seu aniversario, cunha lectura de poemas a cargo de socios do club cultural Valle Inclán, de alumnos da Escola de Narración Oral de Lugo e de integrantes da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A música puxérona Laura María Alonso e Víctor M. González.

Lugo tamén repenizará

«Porque aquel 24 de febreiro, canda ela, nacemos todos». Baixo este lema, os gaiteros de Galicia sairán á rúa.

Lugo

-11.15 horas. Sarabela Folk toca no parque Rosalía.

-11.30 horas. Cántigas e Frores, na Porta de Santiago.

-12.30 horas. Caivanca, na Praza do Campo Castelo.

Outeiro de Rei

-11.00 horas. Os Minhotos, na Casa de Manuel María.

Guitiriz

Organiza a asociación Xermolos; ás 13.30, na Rúa das Cantareiras e ás 14.00 horas, na Rúa Castelao de Parga.

Cervo

-12.00 horas. Acto poético no mercado do Souto.

Monforte

-16.30 horas. O Grupo Merenzao, no Campo da Compañía.

Ribadeo

13.30. Rúa San Francisco.